

ANEXO – NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

PERIODOS DE RECREO NO IES AGRA DE LEBORÍS

Todo o alumnado do centro educativo debe cumprir toda a xornada escolar.

Todos os períodos establécense sendo responsable a dirección do centro do seu cumprimento, contando sempre con profesorado de garda.

Actuacións concretas co alumnado de Bacharelato

1. Deben estar no centro educativo toda a xornada escolar incluíndo os períodos de recreo.
2. Deben estar no centro educativo nos períodos de ausencias de profesorado, con supervisión de profesorado de garda.
3. Excepcionalmente, o alumnado maior de idade permitiráselle ausentarse.

Actuacións concretas co alumnado de 2º de Bacharelato que repite curso con materias soltas:

1. Con carácter excepcional, virán exclusivamente ás materias nas que estea matriculado no horario que lle corresponda.

Modificación dos seguintes puntos das Normas de Organización e Funcionamento:

- Punto do apartado 5.1.3.g
- Punto do Apartado 5.2.b.5
- Punto do Apartado 5.3.29.e

Normativa que o xustifica:

- Código Civil (Real Decreto de 24 de xullo de 1889)
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento
- Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída de alumnos escolarizados en centros educativos públicos ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar

Polo tanto infórmase que:

- O ordenamento xurídico establece o deber dos centros docentes de vixiar e coidar do seu alumnado mentres permaneza dentro do ámbito de actuación da actividade docente, é dicir, mentres o centro educativo exerza a **garda e custodia** que os pais, nais ou titores legais cederon temporalmente (en toda a xornada escolar).

- A norma fundamental e xeral reguladora desta responsabilidade contense no **artigo 1903 do Código Civil**, que dispón o seguinte:

- “[...] *Las personas o entidades que sean titulares de un Centro docente de enseñanza no superior responderán por los daños y perjuicios que causen sus alumnos menores de edad durante los períodos de tiempo en que los mismos se hallen bajo el control o vigilancia del profesorado del Centro, desarrollando actividades escolares o extraescolares y complementarias.*
- *La responsabilidad de que trata este artículo cesará cuando las personas en él mencionadas prueben que emplearon toda la diligencia de un buen padre (madre) de familia para prevenir el daño”.*

Polo tanto, e conforme coa citada norma, **a garda e custodia exercecese polo centro educativo desde o mesmo momento de incorporación do alumnado ás instalacións escolares ata a saída das mesmas**, momento no que precisamente remata a responsabilidade da administración educativa sobre o alumnado e regresa ás familias. Deste xeito, **a responsabilidade durante o transcurso da xornada escolar recae exclusivamente sobre o centro escolar e o coidado e vixilancia non se exige en ningún momento.**

Así é que ter alumnado menor de idade a cargo nun centro educativo converte ao **titular deste (neste caso, a Consellería de Educación)** en responsable deste tanto nos que atinxe aos prexuízos que poida ocasionar o alumnado como aos danos que este poida sufrir por calquera motivo. A Constitución española establece a maior idade nos 18 anos, deste xeito, debe interpretarse que o Código Civil traslada aos maiores de idade, aínda que sexa alumnos, calquera responsabilidade polos danos que causen.

Deste xeito, está máis que **xustificada a PROPOSTA DA DIRECCIÓN DO CENTRO de limitar, agás por causas debidamente xustificadas (e sempre co acompañamento dos proxenitores ou representantes legais), a posibilidade do alumnado de abandonar o centro educativo durante a xornada escolar, xa que durante todo este período a responsabilidade civil da titularidade do centro non cesa.**